




UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



O Real decreto 1497/87 do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns ós planos de estudio, modificado parcialmente polos Reais decretos 779/1998 do 30 de abril, 1267/94 do 10 de xuño; 2347/1996 do 8 de novembro e 614/1997 do 25 de abril, establece a posibilidade de valorar como créditos do curriculum a realización de prácticas en empresas. A normativa de xestión académica da Universidade recolle o procedemento para a realización das ditas prácticas establecendo a necesidade dun convenio previo entre as empresas e a universidade e unha convocatoria para a selección dos alumnos.

Asinado un convenio coa Mancomunidade de Municipios do Camiño de Santiago a iniciativa do Departamento de Filoloxía Inglesa, e tendo en conta que a actividade está aberta á participación de alumnos de varios Centros e do Terceiro Ciclo, cómpre facer, de xeito excepcional, convocatoria conxunta de selección para a realización das prácticas que para os alumnos de 1º e 2º ciclo poderán ser recoñecidas como créditos de libre configuración nos seus expedientes, e é por isto que este Rectorado

RESOLVEU:

PRIMEIRO.- CONVOCATORIA

1.1.- Conforme ó Convenio asinado coa Mancomunidade de Municipios do Camiño de Santiago, convócanse **11 prazas** de prácticas cun contido esencial de axuda ós Concellos na atención ós peregrinos respecto ás necesidades lingüísticas e de tradución referidas á lingua inglesa e **5 prazas** para alumnos da Escola Universitaria de Enfermería (campus de Santiago e Lugo) en relación cos contidos dos seus estudos.

1.2.- As ditas prácticas realizaranse nos meses de xullo, agosto e setembro do ano 2003 nas localidades de: **Arzúa, Melide, Monterroso (Ligonde), Palas de Rei, Paradela, Pedrafita do Cebreiro, Portomarín, O Pino, Samos, Sarria e Triacastela.**

A localidade adxudicarase no acto de presentación da solicitude das prácticas nos primeiros días do mes de xullo.

1.3.- As prácticas realizadas, que terán unha duración máxima de 300 horas, poderán ser recoñecidas como créditos de libre elección cunha equivalencia de 30 horas 1 crédito, para os alumnos de 1º e 2º ciclo, consonte ó disposto na norma 4 da presente convocatoria.

1.4.- Os alumnos seleccionados terán cubertas as necesidades derivadas do aloxamento, e unha axuda económica de 300 euros mensuais en concepto de gastos de transporte e manutención que a Mancomunidade aboa directamente ó alumno.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

SEGUNDO.- SOLICITUDES

2.1.- Poderán solicitar as prácticas:

- a) Alumnos que estean a realizar o segundo ciclo da Licenciatura en Humanidades ou da Licenciatura en Filoloxía Inglesa, así como os alumnos do último ano da titulación de Mestre en Lingua Estranxeira e da Diplomatura en Enfermería. Estes alumnos deberán ter o 50% dos créditos da súa titulación superados.
- b) Alumnos que estean a realizar estudos de Terceiro Ciclo.

2.2.- As solicitudes, dirixidas ó Rector da Universidade de Santiago de Compostela, presentaranse nas Facultades de Filoloxía, Ciencias da Educación, Humanidades e Escolas Universitarias de Formación do Profesorado e Enfermería. O prazo de presentación de solicitudes será dende a data de hoxe **ata o día 6 de xuño**.

2.3.- Na solicitude o alumno indicará os Concellos nos que desexe realizar as prácticas por orde de preferencia

2.4.- Xunto coa solicitude, segundo modelo anexo, o alumno poderá presentar curriculum vitae no que se reflectan outros estudos, idiomas e demais coñecementos e experiencias que teñan relación co contido das prácticas que pretende realizar.

TERCEIRO.- SELECCIÓN

3.1.- Os alumnos serán seleccionados por unha Comisión de Selección e Seguimento presidida polo Director do Departamento de Filoloxía Inglesa que será o titor dos alumnos. Formarán parte da dita comisión os Decanos e Directores, ou persoas nas que deleguen, dos centros afectados e 1 representante do Centro de Posgrao, Terceiro Ciclo e Formación Continua - CPTF nomeado polo seu Director. Para a selección dos candidatos só se terá en conta o expediente académico e a valoración do currículo.

3.2.- Para os efectos de selección, establécense os seguintes cupos iniciais:

- 3 prazas para alumnos da titulación de Filoloxía Inglesa
- 4 prazas para alumnos da titulación de Humanidades
- 2 prazas para alumnos da titulación de Mestre en Lingua Estranxeira
- 5 prazas para alumnos da titulación de Enfermería
- 2 prazas para alumnos do Terceiro Ciclo

3.3.- No caso de que o número de solicitudes sexa inferior ó número de prazas ofertadas en calquera dos colectivos establecidos, a Comisión poderá adxudicar as prazas a alumnos dos restantes colectivos aplicando criterios de proporcionalidade respecto do número de solicitudes, agás ás prazas ofertadas para alumnos de Enfermería.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.4.- Finalizado o proceso selectivo a Comisión fará pública a relación de alumnos admitidos e non admitidos así como os criterios seguidos, indicando as puntuacións outorgadas a través dos taboleiros de anuncios dos centros respectivos. Contra a dita relación os interesados poderán presentar reclamacións dentro dos 3 días hábiles seguintes ó da publicación.

3.5. Rematado o prazo de reclamacións e unha vez resoltas pola Comisión, esta remitirá a relación definitiva dos alumnos admitidos xunto coa puntuación outorgada ó Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado.

CUARTO.- MATRÍCULA, AVALIACIÓN E EFECTOS ACADÉMICOS DAS PRÁCTICAS

4.1.- Os alumnos seleccionados deberán matricularse nas Unidades de Xestión Académica do Campus Norte ou de Lugo nos 10 días seguintes á publicación da Resolución definitiva de selecciónados. De non facelo decaerá no seu dereito sendo convocado o seguinte alumno da lista de agarda.

4.2.- A avaliación das prácticas realizaráa a Universidade a través do profesor titor don Jose Manuel Oro Cabanas.

4.3.- Para o dito recoñecemento das prácticas, que non devengará prezos públicos, os alumnos deberán achegar certificación expedida polo coordinador responsable das prácticas na que se recolla o número de horas e créditos que se haberán de recoñecer.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2003

O RECTOR



Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO - SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE FILOLOXÍA - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN - SR/A DECANO/A DA FACULTADE DE HUMANIDADES - SR/A DIRECTOR/A DA ESCOLA UNIVERSITARIA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO - SR/A DIRECTOR DO CENTRO DE POSGRAO, TERCEIRO CICLO E FORMACIÓN CONTINUA - SR/A DIRECTOR DO DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA - SR. XEFE DO SERVICIO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR XEFE DOS SERVICIOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR DO C.O.I.E. - SR/A. XEFE DO SERVICIO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA DOS CAMPUS NORTE E DE LUGO



**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**
ANEXO

**SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS NA MANCOMUNIDADE DE
MUNICIPIOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO**

DATOS PERSOAIS		
<i>Nome e apelidos</i>		<i>DNI</i>
<i>Rúa</i>	<i>Localidade</i>	<i>Povincia</i>
		<i>Teléfono</i>
DATOS ACADÉMICOS		
<i>Titulación na que está matriculado o alumno</i>		
<i>Outros estudos, idiomas e demais coñecementos e experiencias que teñan relación co contido das prácticas que pretende realizar</i>		
EXPÓN Que cumpre os requisitos establecidos para a realización de prácticas na Mancomunidad de Municipios do Camiño de Santiago recoñecibles como créditos de libre elección.		
SOLICITA Ser admitido como candidato ás ditas prazas dacordo coa seguinte orde de preferencia:		
<input type="checkbox"/> Arzúa	<input type="checkbox"/> Melide	<input type="checkbox"/> Monterroso (Ligonde)
<input type="checkbox"/> Palas de Rei	<input type="checkbox"/> Paradela	<input type="checkbox"/> Pedrafita do Cebreiro
<input type="checkbox"/> Portomarín	<input type="checkbox"/> O pino	<input type="checkbox"/> Samos
<input type="checkbox"/> Sarria	<input type="checkbox"/> Triacastela	

(Lugar, data e sinatura)

Asdo.